

EIXE 2 | A Recuperación como meta

ManS con ManS: Programa integral de apoio, inclusión socio-comunitaria e benestar para persoas con enfermidade mental e os seus familiares e achegados

Entidade executante

FEDERACION DE ASOCIACIONES DE FAMILIARES E ENFERMOS MENTAIS DE GALICIA. FEAFES (<https://feafesgalicia.org/>)

Ámbito territorial

O programa desenvólvese nas cidades da Coruña, Lugo, Ourense, Vigo e Santiago de Compostela.

Persoas destinatarias

Persoas con enfermidade mental maiores de idade e os seus coidadores. Prevense 1.390 persoas beneficiarias

Obxectivos

Xeral: Contribuír á mellora calidade de vida e o exercicio efectivo dos dereitos das persoas con enfermidade mental e as súas familias.

Específicos:

Ofrecer un servizo de apoio, atención e asesoramento ás persoas con enfermidade mental.

Orientar, apoiar e asesorar ás familias no proceso do seu familiar ou achegado, prestándolles apoio e acompañamento.

Favorecer a súa participación nos distintos programas, recursos propios e da comunidade (servizos sanitarios, sociais e comunitarios).

Promover campañas anti-estigma, de sensibilización e as canles de comunicación precisas para chegar o maior número de persoas posible.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Plan de Saúde Mental de Galicia poscovid-19

Ofrecer ás persoas con enfermidade mental propostas axustadas de ocio, actividades socioculturais, recreativas e/o deportivas

Difundir, informar e facilitar a participación dos profesionais en cursos, seminarios, conferencias, congresos, ou outro tipo de accións formativas relacionadas co tema de saúde/enfermidade mental que poidan ser relevantes para a súa intervención e formación profesional.

Difundir e comunicar as actividades levadas a cabo e sensibilizar sobre a eliminación do estigma.

Metodoloxía

Área de apoio e atención:

Número de teléfono 900 de balde

A través desta liña telefónica ofrécense apoio emocional e información nos primeiros episodios da enfermidade.

Acción presencial:

Apoio emocional e/o psicolóxico e información acerca da enfermidade mental.

Prestacións económicas, sociais ou socio-sanitarias.

Recursos comunitarios para persoas con enfermidade mental: centros de día, Información de recursos de vivenda para as persoas con enfermidade mental (pisos tutelados ou residencias).

Información sobre os beneficios do certificado de minusvalía e/ou dependencia.

Información e/ou orientación laboral, entre outros.

EIXE 2 | A Recuperación como meta

Calquera persoa cunha patoloxía de saúde mental, con inquiredanzas ou dúbidas neste eido poderá acceder o programa. Prestarase atención especialmente a aquelas que tiveran un primeiro episodio da enfermidade, teñan sido diagnosticadas por primeira vez nos 6 meses anteriores a posta en marcha do programa ou se atopen nunha situación conflitiva, de emerxencia social o no seu entorno socio familiar.

O acceso ao servizo de asesoría xurídica virá determinado pola primeira entrevista de acollida e o estudo da súa situación. O servizo estará atendido por unha equipa de avogados.

O servizo de asesoría xurídica de balde e estará dirixido a todas as persoas, familias, profesionais e as entidades federadas que precisen información e orientación legal sobre asuntos relacionados coa saúde mental

Ocio e inclusión social

Programa de ocio normalizado no que persoas usuarias participan por iniciativa propia co obxecto de apoialas para que tomen as súas propias decisións respecto ao seu tempo de lecer e a súa participación social, co obxecto de que este produza consecuencias positivas e desenvolver habilidades relacionais e comunicativas básicas para a súa inclusión social. O programa inclúe actividades deportivas, estancias recreativas e actividades socioculturais.

Selección de participantes de entre as persoas que teñan nas súas preferencias as actividades de ocio ofertadas tras unha avaliación inicial destas

Reunións de ocio presencial que lles permita aos/as usuarios/as participar de forma activa na toma de decisións sobre as actividades